

Para unha historia do cinema en lingua galega

[2] A foresta e as árbores

Margarita Ledo Andión [Coord.]

Mª Soliña Barreiro González
Xosé Nogueira
Enrique Castelló Mayo
Fernando Redondo Neira
José Luis Castro de Paz
Antía López Gómez
Marta Pérez Pereiro
Iván Villarmea Álvarez

EDITORIAL GALAXIA

Coda: Un cinema fóra de campo

Moitas das propostas cinematográficas que abrollaron nos últimos doce anos na Galiza recorren a algunha das múltiples variábeis do fóra de campo para construír o seu discurso: pode ser un fóra de campo espacial, contiguo e momentáneo, que chame a atención do público nunha determinada dirección ou, simplemente, que compense as carencias da produción; ou pode ser máis ben un fóra de campo temporal, indeterminado e definitivo, que permita facer referencia a acontecementos e emocións do pasado que xa non se poden representar, sexa pola falta de rexistros ou polo seu carácter abstracto e traumático. Esta inclinación cara ao non dito e o non visto reflicte as limitacións materiais coas que aínda se traballa no país, mais tamén expresa un claro desexo de ampliar o campo do visíbel en todas as direccións, para poder abranguer todos aqueles espazos e tempos que, polas súas características, non collen dentro do cadro.

Un caso extremo desta querenza pola polisemia do fóra de campo sería a curtametraxe experimental *Uluru* (Alberte Pagán, 2018), unha peza de sete minutos composta principalmente por unha montaxe vertixinosa de planos moi breves da gran rocha sagrada dos *pitjantjatjara aṉangu* —tamén coñecida como Ayers Rock— que se atopa no centro do deserto australiano. Filmar este lugar, para Alberte Pagán, non deixa de ser unha forma de falar do dereito á autodeterminación do pobo galego, como declarou na gala de clausura do Festival Curtocircuíto 2018 mentres recollía o premio ao mellor filme da sección Planeta GZ, xa que as imaxes desta rocha ben poden funcionar, na súa interpretación máis ampla, como unha ponte que une as loitas dos pobos *aṉangu* australianos coas dos seus veciños galegos nos antípodas. Esta lectura encaixa coa vocación cosmopolita do Novo Cinema Galego, que aspira a suturar a ruptura entre a terra e o mundo dándolles ás historias locais unha dimensión global. O emprego alegórico do fóra de campo indeterminado e definitivo contribúe notabelmente a esta operación, abrindo a posibilidade de que o cinema galego transcenda a conciencia da súa nada para ser todo aquilo que os cineastas se propoñan —na medida, obviamente, en que lles dea o caletre.